

Faro *da* Cultura



D.A. Siqueiros: *Do Porfiriato á Revolución* (1959).

As sociedades modernas padeceron un dobre péndulo entre os períodos expansivos e regresivos, e nas artes plásticas entre realismo e fantasía (que na forma se expresa entre sinxeleza e barroquismo). Esta relación dáse cando a expresión artística é libre e non dirixida. Así, o movemento revolucionario ruso de comezos do século XX ía acompañado das rupturas de vangarda (Malévich, Kandinsky, Chagall, Ródchenko). Pero esta eclosión ficou abortada co comunismo formal e autorrepresivo de Stalin quen coa xustificación de que as vangardas eran arte decadente e burguesa, impuxo o estilo realista –figurativo e optimista– para maior gloria dos heroes proletarios, agrarios e militares. Unhas formas plásticas que foron aproveitadas polas xeracións seguintes como espazo de experimentación (ca-

so do ucraíno Deineka ou de boa parte dos chamados inconformistas).

Por vieiros distintos e en circunstancias ben diferentes, cando os Estados Unidos padeceron a Gran Depresión a partir de 1930, quedou claro que non todos os artistas podían seguir de costas á situación: a fotografía pasou a ter un papel fundamental para a denuncia e a pintura esqueceu o surrealismo para coller unha opción realista: os Hopper, Wood, Benton e tantos outros non tiñan connotacións ideolóxicas máis alá da sintonía coas políticas do New Deal de Roosevelt. Un realismo social que, plasticamente, ficou presente durante moitos anos como acompañante imprescindible da publicidade de masas.

Na América hispana cómpre salientar o muralismo impulsado desde os

anos da Revolución mexicana e agora si con clara intención indixenista e socialista, as obras de Siqueiros, Rivera e Orozco. Este realismo mexicano influíu máis nos Estados Unidos (Rivera e Siqueiros pintaron en Califor-

nico e con fortes doses de naïf, propias da vindicación indixenista (non esquezamos os principios do *Manifesto Antropófago*, Brasil, 1928). Outros, como os artistas arxentinos e brasileiros agrupados no movemento

mes latinoamericanos –autoritarios ou non– representaban os intereses dunhas oligarquías pouco dadas ás artes sociais. Por iso, a preferencia dos máis dos seus artistas por formas vindicativas populares ou abstractas.

Circunstancia que non foi moi distinta en Cuba, onde a influencia plástica española (academicista) foi notable ata ben entrado o século XX, cando en 1927 comeza os seus pasos o movemento da arte nova, que segue á vangarda europea pero con certo compromiso social, ao que seguiron na década dos 50 “Os Once”, preferentemente abstractos. Pero a chegada da Revolución ao poder –no fondo, un movemento ultranacionalista– supuxo a planificación das actividades artísticas (ICAIC, UNEAC, CODEMA) ao servizo da política cultural oficial dirixida polo Consello Nacional da Cultura e

o Departamento de Orientación Revolucionaria, que promoveron a cultura nacional en clave realista e social. Como alternativa, un regreso ao primitivismo e a un filo-pop-art tolerados.

Malia os avances para dar valor aos xéneros e a individualidade dos artistas, era difícil o acceso aos circuitos internacionais (o que tamén significa imposibilidade de venda libre). Unicamente coa crise do chamado “período especial” que seguiu á caída da URSS, houbo unha preocupación pola situación socioeconómica e unha certa liberalización para acceder ao estranxeiro na medida en que as artes plásticas (e a música) pasaron a ser fonte de entrada de divisas. E nesa liña, un neorealismo social –de factura hooperiana– como o de Denis Núñez Rodríguez ou Vladimir Iglesias Gerardo.

Ao servizo do pobo

Das aporías do realismo social

JOAQUIM VENTURA

nia e Jackson Pollock foi discípulo do segundo) que no resto de América Latina.

Os principais movementos de vangarda americanos optaron por estéticas de ruptura sen saír do figurati-

Perceptismo, que collían influencia do uruguaio Torres García, preferiron seguir as liñas das vangardas europeas do Arte Concreto e da Bauhaus. A diferenza das ditaduras europeas, os réxi-